

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de decembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dous de decembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora xeral acctal., Dra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1255).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta ratifica a urxencia da sesión.

2(1256).- SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DE DEPORTIVO “LXXXIII COPA VIGO DE FÚTBOL” -2016. EXPTE. 15600/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24/11/16 e o informe de fiscalización do 01/12/16, dáse conta do informe-proposta do 24/11/16, do coordinador deportivo, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio ó expediente de subvención a favor da Federación Galega de Fútbol ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do evento de promoción do Fútbol “Copa Vigo de Fútbol”, celebrada na cidade de Vigo entre os meses de abril e xuño de 2016.

A Federación Galega de Fútbol, é unha entidade privada con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, integrada polas entidades deportivas, deportistas, técnicos, adestradores, árbitros e outros colectivos dedicados, según o establecido nos seus estatutos, á práctica do Fútbol, e ostenta a representación oficial da modalidade de fútbol no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

O obxecto social da Federación, según o que se detalla nos seus estatutos é colaborar coas administracións públicas na promoción do fútbol nas súas distintas disciplinas e especialidades, promover, dirixir e ordenar en Galicia as actividades propias da súa modalidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia.

En liña co cumprimento dos seus obxectivos máis xenéricos, atopámonos que entre as competencias que a entidade ten outorgadas según a lexislación vixente, a Federación colaborará coa Administración deportiva de Galicia, entes locais e agrupacións deportivas escolares na organización e desenvolvemento dos programas xerais do deporte en calquera das súas especialidades vinculadas coa práctica do fútbol.

Unha actuación moi relevante que a Federación Galega de fútbol dinamiza anualmente en relación ó fomento e promoción do fútbol en xeral, e en concreto o fútbol afeccionado é a organización do evento “Copa Vigo”, que este ano cumpriu a súa 83ª edición na modalidade masculina e a súa 4ª edición na modalidade feminina.

Esta competición converteu á cidade de vigo durante a súa celebración no centro de atención do fútbol afeccionado da cidade, xa que nela participan a práctica totalidade de entidades con sede social na cidade, outorgando ademáis á competición un enorme valor competitivo.

Na competición participaron máis de ao redor de 500 deportistas nas diferentes categorías, e convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que tradicionalmente houbo unha gran afición a este deporte.

Tendo en conta estas cuestións e atendendo ás actuacións vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo, plantéase a presente proposta de resolución para a adxudicación dunha subvención por importe de 4.500,00 euros ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do evento de promoción “Copa Vigo” celebrada nos meses de abril a xuño de 2016.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos que poñan en valor o desenvolvemento de propostas deportivas de interés xeral para a cidade de Vigo, como a Copa Vigo, obxecto da presente proposta de subvención; Considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os

seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades na cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola Federación Galega de fútbol, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 4.500,00€ ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización da dito evento celebrado na cidade de Vigo nos meses de abril a xuño de 2016.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Federación Galega de Fútbol é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrancia, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á Federación Galega de fútbol, co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.*
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo na cidade de Vigo.*
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.*
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do proxecto de promoción do fútbol “Copa Vigo” celebrada entre os meses de abril e xuño de 2016.

A Federación Galega de Fútbol non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15600/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Federación Galega de fútbol, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Galega de fútbol é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do proxecto deportivo de promoción do fútbol “Copa Vigo”

celebrada na cidade de Vigo entre os meses de abril e xuño de 2016, debido o interés que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Federación Galega de fútbol presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo "Copa Vigo" e o destino previsto da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Federación Galega de fútbol das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- 1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- 2. Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- 3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.*
- 4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*
- 5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá*

substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

6. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

- *Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.*
- *Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
- *En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: *Aprobar o texto da resolución proposta a favor da Federación Galega de Fútbol, co CIF: G15055890, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto de promoción do fútbol "Copa Vigo" celebrada entre os meses de abril e xuño de 2016, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:*

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo de promoción do fútbol "Copa Vigo" celebrada entre os meses de abril e xuño de 2016.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento

do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que "Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Galega de fútbol é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Federación Galega de fútbol non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15600/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 7 de decembro de 2016.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos

con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
2. Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
6. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

- *En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

SEGUNDA: *Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 4.5000,00 € a favor da Federación Galega de fútbol, co CIF: G15055890, con enderezo social na Rúa Menéndez Pelayo, 18, en A Coruña, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do Proxecto deportivo Copa Vigo, celebrada entre os meses de abril e xuño de 2016.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1257).- PROPOSTA APROBACIÓN GASTO ADICIONAL, SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 7614/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 01/12/16, dáse conta do informe-proposta do 25/11/16, do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, conformado polo xefe da área de Servizos Xerais, polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES:

Mediante Resolución de 30 de xuño de 2014 o concelleiro delegado de Parques e Xardíns Distritos, Comercio e Participación Cidadá, acordou iniciar o procedemento de contratación de Mantemento e Conservación de Zonas Verdes

- *A XGL na súa sesión de data 6 de agosto de 2015 adxudicou o contrato á mercantil ALTHENIA, S.L.*
- *Con data 19 de agosto de 2015 a mercantil VALORIZA., interpuso ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (en adiante TACRC) recurso especial en materia de contratación contra a súa exclusión do procedemento de licitación*
- *Con data 28 de agosto de 2015 se procede á formalización do contrato, e iniciándose a prestación do servizo o día 1 de setembro de 2015.*
- *En data 5 de outubro de 2015, o TACRC, en resolución n.º 901/2015, estima o recurso especial en materia de contratación interposto pola mercantil VALORIZA, contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda excluíla do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non xustifica-los mesmos.*
- *En data 14 de decembro de 2015, esta administración interpuxo recurso contencioso-administrativo contra a citada resolución, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (en adiante TSXG), solicitando no escrito anunciando o recurso a adopción da medida cautelar de suspensión da execución da citada resolución*
- *En Auto de data 7 de marzo de 2016, o TSXG acorda denegar a adopción da citada medida cautelar de suspensión solicitada polo Concello de Vigo.*
- *En data 14 de marzo de 2016 deuse conta á Mesa de contratación desta resolución; e a efectos do seu cumprimento, e para determinar as actuacións a seguir, solicitou sendos informes ó xefe do servizo xestor, Montes, parques e xardíns, e a xefa do servizo de Contratación. Ambos informes foron evacuados en data 16 de marzo de 2016.*
- *En data 16 de marzo de 2016, dáse conta á Mesa de contratación dos citados informes:*
 - No primeiro deles,ponse de manifesto os prexuízos que causaría o deixar de prestar o servizo de mantemento das zonas verdes.*
 - No segundo, se detallan o procedemento a seguir para a execución da resolución 901/2015 do TACRC. Á vista do mesmo, a mesa, por unanimidade dos asistentes, acordou solicitar ó xefe de xardíns un informe de clasificación en orden descendente das ofertas admitidas no Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo.*
- *En base aos informes e actuacións precedentes, a XGL na súa sesión de data 31 de marzo de 2016, acordou “Continuar a prestación do servizo de mantemento de zonas verdes da cidade de Vigo pola empresa ALTHENIA, S.L., nas mesmas condicións que as establecidas no contrato anulado desde o Auto do TSXG de 7 de*

marzo de 2016 ata a formalización do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo”.

- A Mesa de contratación pola súa banda, unha vez emitido polo Xefe do servizo de Montes, parques e xardíns o informe de data 18 de marzo de 2016 no que se procede a valoración dos criterios avaliados a través de fórmula unha vez readmitida a oferta de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., propuxo, na súa sesión de data 8 de abril de 2016, elevar á XGL a nova clasificación das ofertas admitidas por orden descendente, e requiriu ao licitador clasificado en primeiro lugar, VALORIZA., para que presentase, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a documentación requirida polo artigo 151.2 do TRLCSP). Clasificación que foi aprobada na sesión da XGL de data 15 de abril de 2016
- Este acordo foi notificado a VALORIZA, o día 22 de abril de 2016, que presenta a documentación requirida en data 04 de maio de 2016 .
- A mesa de Contratación celebrada o 11 de maio de 2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., e a requirida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato era a correcta, polo que a mesa propuxo ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.
- Asímesmo na mesma sesión deuse conta á Mesa de Contratación do escrito presentado pola empresa ALTHENIA, SL ante o TSX de Galicia, solicitando a medida cautelar consistente na suspensión da execución do auto impugnado, Resolución do TACRC bº 901/2015 de 5/10/2015.
- O 30 de xuño de 2016 a técnica de Fiscalización informa o seguinte: ” Conforme ao previsto no PCAP regulador do contrato, o prazo de execución é de catro anos, e o réxime de pagamento establece a presentación de facturas con carácter mensual. Estimando que a prestación do servizo coa empresa VALORIZA se inicie o próximo 1 de agosto de 2016, o seu prazo de vencemento (4 anos) remataría o próximo 31 de xullo de 2020. Por mor dos acontecementos ocorridos na tramitación do presente expediente, actualmente o gasto comprometido coa empresa ALTHENIA daría cobertura a prestación do servizo só ata o 31 de agosto de 2019. En consecuencia, actualmente non estaría aprobada a cobertura orzamentaria para os 4 meses restantes do ano 2019 e para os 7 primeiros meses do ano 2020 (sempre estimando o inicio da prestación para o 1 de agosto de 2016). Estes 11 meses de gasto adicional estímase en 3.950.236,27 euros.”

• MESES SEN COBERTURA ORZAMENTARIA		•
• 4 meses 2019	• 1.436.449,55	• sept a dic 2019
• 7 meses 2020	• 2.513.786,72	• ata o 31/07/2020
•	• 3.950.236,27	•

A XGL con data 8 de Xullo de 2016 adopta o acordo de que se formalice o contrato con VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A. con data 17/08/2016 de non presentarse recurso especial en materia de contratación.

Con data 25 de xullo de 2016 a empresa Althenia, S.L presentou recurso especial en materia de contratación.

Estimando que a prestación do servizo coa empresa VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A se inicie o día 16 de decembro de 2016 o seu prazo de vencemento (4 anos) remataría o 15 de decembro de 2020 polo que o gasto comprometido actualmente non daría cobertura orzamentaria para a totalidade do periodo do contrato sendo necesario aprobar un gasto adicional de 1.616.005,74€

Os gastos imputables a cada un dos anos do contrato serán os seguintes:

Periodo do contrato	Importe
Do 16 de decembro o 31 de decembro de 2016	179.556,19 €
Do 1 de xaneiro o 31 de decembro de 2017	4.309.348,66 €
Do 1 de xaneiro o 31 de decembro de 2018	4.309.348,66 €
Do 1 de xaneiro o 31 de decembro de 2019	4.309.348,66 €
Do 1 de xaneiro o 15 de decembro de 2020	4.129.792,46 €

A vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, propónse a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar o gasto adicional de **1.616.005,74** euros para dar cobertura orzamentaria o periodo comprendido entre o 1 de agosto e o 15 de decembro do ano 2020 correspondentes ao Servizo de Conservación e Reposición de Zonas Verdes do Concello de Vigo e que se imputará a partida 1710-227.99.01 "Mantemento de Xardíns".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1258).- III PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA. EXPTE. 8374/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 01/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 01/12/16, da xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

"A Concelleira delegada de Patrimonio Histórico, por resolución do 22 de novembro de 2016, inicia expediente para desenvolver o III programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana.

A Concellería de Patrimonio Histórico ten encomendada a “protección, conservación, adecentamento, difusión e fomento do Patrimonio Cultural de Vigo”.

Así, considera que é de interese municipal, realizar unha serie de actuacións cara a mellorar a imaxe urbana da cidade, e que o tratamento dos paramentos exteriores visibles dende a vía pública, contribuirá ao realce da paisaxe e do noso patrimonio.

As dúas primeiras edicións do programa desenvolvéronse nos anos 2015 e 2016, e contaron cunha importante participación cidadá; coa colaboura de institucións educativas e asociacións culturais.

O obxecto do **Terceiro programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e actuacións de dinamización dos espazos públicos** é :

- tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública, tanto de titularidade pública como privada.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola Concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calqueira outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.

A **finalidade** da convocatoria é contribuir ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, e mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto de cidadáns, así como dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos.

Neste terceiro programa, continuador dos desenvolvidos nas anualidade 2015 e 2016, desenvolveranse entre dez e quince actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ó orzamento dispoñible.

O programa estrutúrase en dúas **fases**: unha primeira de “Actuacións preparatorias”, na que se seleccionarán os espazos, artistas e centros educativos, e outra segunda de execución dos murais ou outras expresións artísticas. A Concellería de Patrimonio Histórico, previo asesoramento dunha Comisión técnica creada ao efecto, cursará as correspondentes invitacións ós artistas seleccionados, invitacións que se formalizarán a través da correspondente contratación, debendo o seleccionado cumprir cos requisitos que os arts 54 e seguintes TRLC esixen para contratar coa administración. A contratación extenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos.

O **orçamento** total do programa será de 350.000 euros, que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria correspondente ao Presuposto municipal 2017 (3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE, MEDIANERAS).

O **prazo de execución** da actuación de arrumbamento será determinado no contrato correspondente.

Na base novena, prevense causas específicas de **resolución** do contrato que se deberán reflectir no contrato correspondente.

Tamén se prevé a cesión ó Concello dos dereitos de explotación das obras contratadas, circunstancia que tamén deberá expresarse en cada un dos contratos.

En canto á primeira fase, o procedemento de selección ven determinado no propio programa, e en canto a súa execución se estará ó disposto na Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Contratos do Sector Público, e Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei.

En todo caso non é de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa reguladora das subvencións en canto o resultado da actividade de arrumbamento da escena urbá, por persoas suxeitas a dereito privado, non é de propiedade e utilización exclusiva do suxeito de dereito privado, artigo 2.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento de subvencións, senón que actuación conforma a paisaxe urbá, de propiedade colectiva.

O Concello é competente para desenvolve actuacións de rehabilitación da edificación, reforma interior dos barrios, mellora da súa habitabilidade, revitalización, recuperación e desenvolvemento en virtude das competencias que os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, atribúen ós municipios, en concreto a xestión e protección do patrimonio histórico e a promoción da cultura, así como o servizo de medio ambiente urbano.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

APROBAR O TERCEIRO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1259).- NOMEAMENTO INTERINO, POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL, DUN/DUNHA PROFESOR/A DE PINTURA, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS. EXPTE. 28811/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 01/12/16, dáse conta do informe-proposta do 01/12/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

Con data 19 de outubro de 2016, a Xefa do Servizo de Educación, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por execución de programa, art. 10.1.c) do TREBEP, para a docencia transitoria da asignatura de pintura na Escola Municipal de Artes e Oficios, curso 2016-2017, toda vez que con data 23 de setembro de 2016 dona María Paula C. Mariño Pazó presentou no Rexistro Xeral deste Concello á renuncia á súa contratación laboral de duración determinada por interinidade como mestra de formación-pintura da Escola Municipal de Artes e Oficios (doc.160126506).

Mediante resolución do Concelleiro de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica aceptouse a referida renuncia con efectos do día 25 de setembro de 2016, de conformidade co previsto no artigo 10 en relación co 64.1do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Esta renuncia supón que iniciado o curso 2016-2017 o día 3 de outubro, os alumnos matriculados na especialidade de pintura carecen de profesor, por esta razón urxe que o antes posible poida contratarse un novo docente para impartir esta especialidade.

No exercicio 2015 realizouse na EMAO un proceso selectivo para funcionarios interinos para a docencia transitoria de debuxo artístico (expediente 1976-13), en base ao resultado de dito proceso, mediante resolución da presidenta do Organismo Autónomo EMAO de data 09-09-2015, constituíuse de conformidade co disposto no apartado 13ª das Bases reguladoras, unha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación obtida) aos efectos do seu nomeamento, de ser o caso, en supostos de ausencia ou renuncia do titular.

A lista de substitucións atendendo ao acordo do Tribunal do proceso selectivo para o ingreso como funcionario interino na modalidade de Debuxo Artístico, na súa reunión de 10 de agosto de 2015, unha vez rematadas as distintas fases do proceso, está formada por:

APELIDOS E NOME	FASE CONCURSO	1ºExercicio	2º Exercicio	Proba Práctica	PROBAGALEGO	TOTAL
FERNÁNDEZ SERRANO, JACOBO	2,60	3	6,00	7,00	1,32	19,92
SERRANO MATO, JORGE ANDRÉS	2,60	4,5	6,14	5,00	1,60	19,84

Desta resolución da presidencia de 09-09-2015 deuse conta a Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios en sesión de 14 de outubro de 2015.

Se ben o proceso selectivo a que non estamos a referir foi para a docencia de Debuxo Artístico, propónse polo Servizo de Educación acudir a lista de substitucións resultante deste proceso para a contratación dun mestre que imparta a docencia de Pintura tendo en conta que son especialidades afíns que se complementan.

Dentro do Plan de Estudos da EMAO establécense tres áreas: a Artística, a de Oficios artesanais e a de Oficios artísticos. A Área artística esta conformada polas especialidades

de Pintura e Débuxo artístico, e ambas teñen a mesta estrutura en tres niveis: Básico, Medio e Superior. Resulta indiscutible a conexión entre ambas materias, polo que as persoas que conforman a lista de substitucións do proceso selectivo de Debuxo Artístico poden impartir a docencia de Pintura. Se ben nas bases da convocatoria a titulación esixida é o título de bacharelato ou equivalente, na documentación aportada na fase de concurso resulta que as dúas persoas incluídas na referida lista de substitucións posúen o título de licenciados en Belas Artes, deixando sobradamente acreditada a súa formación para impartir esta especialidade artística.

En resposta a petición do Servizo, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 20 de outubro de 2016, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino dun/dunha profesor de pintura por execución do programa temporal (duración do curso lectivo 2016/2017, previsto no artigo 10.1.c), do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de sete meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, nos termos da solicitude da responsable do Servizo de data 19 de outubro de 2016.

En cumprimento do ordenado, con data 30/11/2016, polo técnico que subscribe, fórmase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mas (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao

seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 654-Mestre Formación EMAO), adscrito ao Servizo de Educación-EMAO, cód. 613, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá e tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición da Xefa do Servizo de Educación, que así mesmo conta coa conformidade da Concelleira-delegada da Área, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 27/10/2016 e no informe do funcionario informante, resulta acreditada a urxencia dos nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 48/2015, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2016 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da

entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, neste caso significar que a Escola Municipal de Artes e Oficios ven prestando servizos dende fai case 130 anos, tratándose dun servizo central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do Servizo, neste caso da Escola Municipal de Artes e Oficios, polo que se informa favorablemente ao devandito nomeamento interino.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de sete meses, dun mestre de formación especialidade pintura para o Servizo de Educación-EMAO, supón un gasto de **15.009,86€**, (dos que **2.126,00€ corresponden ao presente exercicio 2016 (1 mes)** e, 12.883,86€ ao vindeiro exercicio 2017 (6 meses) e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 4.915,73€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertencen as vacantes (posto Cód. 654-Mestre Formación EMAO), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, non existe bolsa de emprego específica coa categoría de mestre de pintura, polo que, debido a urxencia que require a prestación deste servizo, procede recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego realizada na propia EMAO no ano 2015 para funcionarios interinos para a docencia

transitoria de debuxo artístico (expediente 1976-13), en base ao resultado de dito proceso, mediante resolución da presidenta do Organismo Autónomo EMAO de data 09-09-2015, constituíuse de conformidade co disposto no apartado 13ª das Bases reguladoras, unha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación obtida) aos efectos do seu nomeamento, de ser o caso, en supostos de ausencia ou renuncia do titular.

A lista de substitucións atendendo ao acordo do Tribunal do proceso selectivo para o ingreso como funcionario interino na modalidade de Debuxo Artístico, na súa reunión de 10 de agosto de 2015, unha vez rematadas as distintas fases do proceso, está formada por:

APELIDOS E NOME	FASE CONCURSO	1ºExercicio	2º Exercicio	Proba Práctica	PROBAGALEGO	TOTAL
FERNÁNDEZ SERRANO, JACOBO	2,60	3	6,00	7,00	1,32	19,92
SERRANO MATO, JORGE ANDRÉS	2,60	4,5	6,14	5,00	1,60	19,84

Desta resolución da presidencia de 09-09-2015 deuse conta a Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios en sesión de 14 de outubro de 2015.

Se ben o proceso selectivo a que non estamos a referir foi para a docencia de Debuxo Artístico, proponse polo Servizo de Educación acudir a lista de substitucións resultante deste proceso para a contratación dun mestre que imparta a docencia de Pintura tendo en conta que son especialidades afíns que se complementan.

Dentro do Plan de Estudos da EMAO establécense tres áreas: a Artística, a de Oficios artesanais e a de Oficios artísticos. A Área artística esta conformada polas especialidades de Pintura e Debuxo artístico, e ambas teñen a mesma estrutura en tres niveis: Básico, Medio e Superior. Resulta indiscutible a conexión entre ambas materias, polo que as persoas que conforman a lista de substitucións do proceso selectivo de Debuxo Artístico poden impartir a docencia de Pintura. Se ben nas bases da convocatoria a titulación esixida é o título de bacharelato ou equivalente, na documentación aportada na fase de concurso resulta que as dúas persoas incluídas na referida lista de substitucións posúen o título de licenciados en Belas Artes, deixando sobradamente acreditada a súa formación para impartir esta especialidade artística.

Na base 13 do referido proceso selectivo figuraba expresamente que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 2 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do TREBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida,

de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratado/a/s como persoal interino ou laboral.

Aos efectos de poder efectuar a proposta, seguindo estritamente a orde da referida lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como mestre de formación por execución de programa temporal, do aspirante que figura na primeira posición D. JACOBO JULIO FERNÁNDEZ SERRANO, DNI 36.097.381-P, que aceptou expresamente mediante escrito de data 24/10/2017 optar ao referido nomeamento interino por execución de programa, segundo o disposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, vérifícase que o aspirante proposto Sr. Fernández Serrano nunca prestou servizos neste concello, polo que está en condicións de ser nomeado.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal, como **Mestre de Formación-especialidade pintura**, subgrupo C1 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de sete meses (02/12/2016 ao 30/06/2017), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación contidas no escrito de petición de data 19/10/2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto de **15.009,86€**, (dos que **2.126,00€** corresponden ao presente exercicio 2016 (1 mes) e, 12.883,86€ ao vindeiro exercicio 2017 (6 meses), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionario interino por execución de programa de carácter temporal "docencia transitoria da asignatura de pintura durante o curso escolar 2016-2017 como **Mestre de Formación-especialidade pintura**, por un período máximo de sete meses, e que non excederá do 30 de xuño de 2017, á **D. JACOBO JULIO FERNÁNDEZ SERRANO, DNI 36.097.381-P**, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios no proceso selectivo para funcionarios interinos para a docencia transitoria de debuxo artístico (expte 1976/13), derivada do proceso selectivo autorizado pola Xunta Reitora da EMAO, e no disposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de

carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo). Con carácter previo á toma de posesión, deberase achegar a certificación negativa do Rexistro de Delincuentes Sexuais, acreditativa de non ter sido condenado por sentenza firme por ningún delito aos que se refire o artigo 13.5 da LO. 1/1996, contra a liberdade e indemnidade sexuais, ao tratarse dun posto de traballo que implica un contacto habitual con menores.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (02/12/2016 ao 30/06/2017) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 654-Mestre Formación EMAO, sendo adscrito a Escola Municipal de Artes e Oficios, cód. 613 dependente do Servizo de Educación, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá e tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, a Xefa do Servizo de Educación, ao Xefe de Estudos da EMAO, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1260).- SUBVENCIÓN, MEDIANTE UN CONVENIO COA FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA XXXIX EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA. EXPTE. 1030/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25/11/16 e o informe de fiscalización do 01/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 24/11/16, do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo

concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Con data do Rexistro Xeral 18 de novembro pasado, a Fundación Premios da Crítica Galicia presenta escrito de solicitude de subvención para a XXXIX edición dos Premios da Crítica-Galicia; por este motivo, con data 21 de novembro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 9.000 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

*A **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a Fundación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que no ano 2016 chegan á súa trixésimo novena edición. Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.*

PROGRAMA E ORZAMENTO:

*O acto de entrega de premios da **XXXIX EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA** desenvolveranse o 19 de novembro de 2016.*

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 20.320 € (vinte mil trescentos vinte euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 € (44,29 %)*
- Secretaría Xeral de Cultura: 7.370 € (36,28 %)*
- Deputación de Pontevedra: 2.350 € (11,56 %)*
- Cotas xantar: 1.600 € (7,87 %)*

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- *Proxecto e orzamento da actividade*
- *NIF do presidente*
- *CIF da entidade*
- *Estatutos da entidade e capacidade do presidente*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social*
- *Certificación da conta bancaria*
- *Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.*

- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente
- Escrito de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á **XXXIX EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, para a organización do XXXIX edición dos Premios da Crítica-Galicia, obxecto do presente convenio, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- ao interese público, social e cultural que supón a actividade proposta para a cidade de Vigo e a comunidade autónoma galega en xeral.
- ao tratarse dunha entidade singular que ten como principal obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía.
- á singularidade da actividade proposta (XXXIX edición dos Premios da Crítica-Galicia), que supón o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia, e que está totalmente institucionalizada na vida cultural galega nos seus trinta e nove anos de existencia.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** ten como obxecto financiar a organización do XXXIX edición dos Premios da Crítica-Galicia con cargo á partida 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", a concesión dunha subvención por importe de 9.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros) á **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, CIF. G36759884, para o financiamento da XXXIX edición dos Premios da Crítica-Galicia, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e á **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do XXXIX edición dos Premios da Crítica-Galicia".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA XXXIX EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaseis

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con

endereço na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Bieito Ledo Cabido, na súa condición de presidente da FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA (CIF: G36739804) (en adiante a ENTIDADE), con endereço social en Avenida Florida, 30, CP 36210 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a Fundación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que no ano 2016 chegan á súa trixésimo novena edición. Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de dita actividade e acción e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, concretamente na **XXXIX EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade e da comunidade autónoma galega.

III.- Que a **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

IV.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a **XXXIX EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.320 € (vinte mil trescentos vinte euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 € (44,29 %)
- Secretaría Xeral de Cultura: 7.370 € (36,28 %)
- Deputación de Pontevedra: 2.350 € (11,56 %)
- Cotas xantar: 1.600 € (7,87 %)

TERCEIRA.- DATAS DO PROGRAMA

O acto de entrega de premios da **XXXIX EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA** desenvolveranse o 19 de novembro de 2016.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Anxo Xoán Rajó Pazó.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir

en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 9 de decembro de 2016.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2016 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a CONCELLERÍA.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2016, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área
Cultura

Cayetano Rodríguez Escudero

O presidente da Fundación Premios Crítica de
Galicia

Bieito Ledo Cabido"

7(1261).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTES 1 E 3. EXPTE. 78025/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto informe de fiscalización do 01/12/16 , dáse conta do informe-proposta de data 01/12/16, da secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).*
- *Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250) .*

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo

Segundo.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de novembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 26 de outubro de 2016 de “Excluir a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA, por declarar unha solvencia técnica insuficiente ao abeiro do previsto na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación e o apartado 6A do seu Anexo I (non consta que teñan a clasificación G-4-3 esixida para licitar a dous lotes, 3 e 4) e non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para a súa emenda”.

Segundo.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4 lotes) (expediente 78025-250), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter xustificado os mesmos, aos seguintes licitadores:

- Lote 1:

- HORDESCON, SL
- ELSAMEX, SA

- Lote 2:

- HORDESCON, SL

- Lote 3:

- HORDESCON, SL

- Lote 4:

- OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

LOTE Nº 1: "Asfaltado de vías municipais. Vigo este":

	Empresas	Puntuación
1	UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, S L	100,00
2	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	99,95
3	PAVIMENTACIONES MORALES, S L	97,77
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	97,23
5	CONSTRUCCIONES RAFER, S L	96,79
6	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	94,99
7	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	94,48
8	NEMESIO ORDOÑEZ S A	93,03
9	MISTURAS, S A	92,69
10	EXTRACO, S A	92,41
11	CONSTRUCCIONES FECHI, S L U	88,45
12	NAROM, S L	79,68
13	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S A (ACOVAL)	69,78
14	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S A	69,47
15	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S A	48,73

LOTE Nº 2: "Asfaltado de vías municipais. Vigo sur":

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	100,00
2	UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, S L	99,92
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S L	99,28

4	ELSAMEX, S A	98,65
5	PAVIMENTACIONES MORALES, S L	97,97
6	CONSTRUCCIONES RECURSA, S A	97,06
7	CONSTRUCCIONES RAFER, S L	96,82
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	96,02
9	NEMESIO ORDOÑEZ S A	95,61
10	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	94,99
11	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	94,83
12	CONSTRUCCIONES VALE, S L	94,42
13	MISTURAS, S A	92,78
14	EXTRACO, S A	92,45
15	NAROM, S L	88,24
16	CONSTRUCCIONES FECHI, S L U	83,95
17	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S A (ACOVAL)	71,96
18	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S A	58,08
19	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S A	41,29

LOTE Nº 3: "Asfaltado de vías municipais. Vigo centro":

	Empresas	Puntuación
1	UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, S L	100,00
2	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	99,22
3	ELSAMEX, S A	99,19
4	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	97,06
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S L U	96,74
6	NEMESIO ORDOÑEZ S A	96,68
7	CONSTRUCCIONES VALE, S L	95,73
8	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	95,53
9	CONSTRUCCIONES RAFER, S L	95,26
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	94,89
11	MISTURAS, S A	93,14
12	EXTRACO, S A	92,90
13	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S A (ACOVAL)	77,03

1	4 JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S A	39,26
1	5 LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S A	33,41

LOTE Nº 4: "Asfaltado de vías municipais. Vigo oeste":

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	100,00
2	UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, S L	98,49
3	HORDESCON, S L	98,26
4	ELSAMEX, S A	97,61
5	CONSTRUCCIONES RECORSA, S A	97,12
6	OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRIA,SLU	96,52
7	NEMESIO ORDOÑEZ S A	94,71
8	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	94,64
9	CONSTRUCCIONES RAFER, S L	94,47
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	93,90
11	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	92,35
12	MISTURAS, S A	92,13
13	EXTRACO, S A	91,91
14	NAROM, S L	91,76
15	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S A (ACOVAL)	74,50
16	CONSTRUCCIONES FECHI, S L U	68,25
17	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S A	40,74
18	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S A	38,05

Cuarto.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, SL (lote 1); CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A (lote 2); UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, SL (lote 3) e CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A (lote 4) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo das garantías definitiva e complementaria.

Quinto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.070, 08 euros (267,52 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Terceiro.- Este acordo foi notificado o día 18 de novembro de 2016 aos licitadores clasificados en primeiro lugar nos catro lotes: UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, SL (lote 1); CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, SA (lote 2); UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, SL (lote 3) e CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, SA (lote 4).

Con data do 30 de novembro de 2016, dentro do prazo concedido, UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, SL presenta a documentación requirida, así como a documentación relativa á constitución da unión temporal de empresas, cuxa denominación social é “NEXIA INFRAESTRUCTURA, S.L.U. Y FEVISA, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982” (abreviadamente “UTE VIGO”).

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 1 de decembro de 2016, examina tanto a documentación achegada pola empresa como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1 (“Asfaltado de vías municipais. Vigo este”) e 3 (“Asfaltado de vías municipais. Vigo centro”), “NEXIA INFRAESTRUCTURA, S.L.U. Y FEVISA, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982”, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante, para os lotes 1 e 3 é a formulada por “NEXIA INFRAESTRUCTURA, S.L.U. Y FEVISA, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982”, de acordo co informe emitido polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 15 de novembro de 2016 sobre valoración da proposición avaliable mediante fórmula.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Adxudicar a "NEXIA INFRAESTRUCTURA, S.L.U. Y FEVISA, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982" o lote 1 ("Asfaltado de vías municipais. Vigo este") do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250), polo prezo total de 399.073,08 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 69.260,62 euros.
2. Adxudicar a "NEXIA INFRAESTRUCTURA, S.L.U. Y FEVISA, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982" o lote 3 ("Asfaltado de vías municipais. Vigo centro") do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250), polo prezo total de 175.817,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.513,84 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada para ambos lotes".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1262).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA VÍA NORTE (FASE I), ENTRE TRAVESÍA DE VIGO E RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 3943/440.

Visto o informe de fiscalización do 01/12/16, dáse conta do informe-proposta do 28/11/16 da secretaria da Mesa de Contratación:

"LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)*
- *Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440)*

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de agosto de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández.

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 18 de novembro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 26 de outubro de 2016 de “Excluir á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, SL, xa que segundo o informe do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 25 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor “inclúe información doutra obra dentro da documentación recollida no sobre B” e, consecuentemente, non se axusta ao disposto no prego de prescricións técnicas (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación)”.

Segundo.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras b) de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter xustificado os mesmos, aos seguintes licitadores:

- NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ SLU
- DRAGADOS, SA
- UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS
- ELSAMEX, SA
- CONSTRUCCIONES VALE, SL
- UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU
- HORDESCON, SL
- PROYECON GALICIA, SA
- UTE CONSTRUCCIONES OREGA SL- CONST. DELFIN FERREIRO RGUEZ, SL
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	CIVISGLOBAL, SLU	85,44
2	ORECO, SA	85,22
3	AVAN INTEGRAL, SL	85,06
4	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	83,82
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL	83,16
6	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, SA	81,51
7	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	80,98
8	ORESA, SL	80,75
9	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA-ALVAC	79,41
10	SA DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA	79,16
11	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA-COPSESA	78,24
12	COPCISA, SA	77,83
13	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA	77,67
14	UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS SL- OGMIOS PROYECTO, SL	77,58

15	NAROM, SL	76,37
16	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, SL	69,56
17	GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	22,11

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resguardo da garantía definitiva.*
- 5. Resguardo de garantía complementaria por importe de 6.010, 10 euros.*

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 675, 76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- *Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, SLU, o día 18 de novembro de 2016, que presentou a documentación requirida o 24 de novembro, dentro do prazo concedido.*

Terceiro.- *A Mesa de contratación na sesión do 28 de novembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- *A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVISGLOBAL, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- *A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, SLU, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor, asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal o 25 de outubro de 2016, e co informe de valoración das proposicións avaliadas

mediante fórmula, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 15 de novembro de 2016.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVISGLOBAL, SLU, o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 1.085.413,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 188.377,56 euros.
- b) O prazo de garantía increméntase en 160 meses, polo que o prazo total é de 172 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1263).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA DE RENOVACIÓN DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 78828/250.

Dáse conta do informe-proposta do 01/12/16, do xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 12 de setembro de 2016, acordou «Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, por lotes, das obras dos proxectos: ASFALTADO DE VÍAS MUNICIPAIS. VIGO ESTE, ASFALTADO DE VÍAS MUNICIPAIS. VIGO SUR, ASFALTADO DE VÍAS MUNICIPAIS. VIGO CENTRO e ASFALTADO DE VÍAS MUNICIPAIS. VIGO OESTE».

II.- A Xunta de Goberno Local con data 28 de novembro de 2016, entre outros acordos, adoitou o de adxudicación dos lotes 1 e 2, (estando en proceso final de licitación os lotes 3 e 4).

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, SA o lote 2 (“Asfaltado de vías municipais. Vigo sur”) do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250), polo prezo total de 341.063,39 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 59.192,82 euros.

Adxudicar a CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, SA o lote 4 (“Asfaltado de vías municipais. Vigo oeste”) do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías

municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250), polo prezo total de 229.393,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.812,16 euros.

III.- Unha vez rematada a licitación dos lotes 1 e 3, e aprobada a adxudicación pola Xunta de Goberno Local, deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa dos catro lotes da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o devandito acordo da Xunta de Goberno Local e o posterior de adxudicación dos lotes 1 e 3.

IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras, conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo, a dita cláusula do PCAP especifica as funcións da dirección facultativa e dispón que esta será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección da obra de referencia que concorre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.

V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión do importante volume de contratos de obra que tramita a Área de Fomento do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación ata a recepción das obras aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Fomento; razóns polas cales proponse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP; disposición do artigo 127.2 LRBRL que ha de entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, para o caso da previa aprobación da adxudicación dos lotes 1 e 3, do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250), na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa dos 4 lotes da obra de "renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo" (78025-250) ao Enxeñeiro superior de Camiños, Canles e Portos, D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO e ao Enxeñeiro superior de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

***Segundo:** Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde das mesmas, a aceptación do Plan de xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.*

***Terceiro.**- A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.*

***Cuarto.**- Notifíquese o presente acordo ás empresas adxudicatarias dos 4 lotes do expediente do "renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo" (78025-250) e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.*

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1264).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA VÍA NORTE. FASE I.(ENTRE TRAVESÍA DE VIGO E ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ). EXPTE. 3333/443.

Dáse conta do informe-proposta do 01/12/16, do xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 05.08.2016, acordou «Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do Proxecto "Humanización da Rúa Vía Norte. Fase I"».

II.- A Mesa de Contratación, con data 17/11/2016, entre outros acordos, adoitou o de propoñer ao órgano de contratación: «Adxudicar a CIVISGLOBAL, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da Rúa Vía Norte. Fase I" (3943-440) por un prezo de 1.349.681,42 euros, IVE engadido»

III.- De ser aprobada a anterior proposta pola Xunta de Goberno Local, deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o presente informe-proposta, daquela, subordinado á dita previa aprobación da proposta da Mesa de Contratación.

IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras, conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo, a dita cláusula do PCAP especifica as funcións da dirección facultativa e dispón que esta será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección da obra de referencia que concorre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.

V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión do importante volume de contratos de obra que tramita a Área de Fomento do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación ata a recepción das obras aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Fomento; razóns polas cales propónse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP; disposición do artigo 127.2 LRBRL que ha de entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, para o caso da previa aprobación pola mesma da proposta da Mesa de Contratación de 17/11/2016, sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da Rúa Vía Norte. Fase I. (entre Travesía de Vigo e Escultor Gregorio Fernández)" (3943-440), na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de “Humanización da Rúa Vía Norte. Fase I. (entre Travesía de Vigo e Escultor Gregorio Fernández)” (3943-440) ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e ao Enxeñeiro Técnico Municipal, D. JORGE MUÑOZ RAMA.

Segundo: *Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde das mesmas, a aceptación do Plan de xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.*

Terceiro.- *A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.*

Cuarto.- *Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación da obra de “Humanización da Rúa Vía Norte. Fase I. (entre Travesía de Vigo e Escultor Gregorio Fernández)” (3943-440) e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.*

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1265).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DE GRADA DE RÍO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS. EXPTE. 4051/440.

Dáse conta do informe-proposta do 02/12/16, da secretaria da Mesa de Contratación:

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluír aos licitadores que deseguido se relacionan do procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440), por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal do 30 de novembro de 2016

1. COPCISA, S.A.

2. UTE EXTRACO, S.A. - PRACE, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de **Reforma da Grada de Río (4051-440)** na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS (COPASA)	91,02
2	UTE INDEPO, S.L.U., AVAN INTEGRAL, S.L. E HIDROMIÑO S.L.U.	88,02
3	UTE DRAGADOS, S.A. E ORECO, S.A.	87,26
4	CIVIS GLOBAL, S.L.	86,34
5	UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L., XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e OHL, S.A.	84,86
6	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U., OGMIOS PROYECTO, S.L. e 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L.	84,34
7	UTE VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES, S.A. E CONSTRUCCIONES RUESMA, S.A.	82,19
8	UTE ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A. E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	78,50
9	CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	78,02
10	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S.A.	73,39
11	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	72,54
12	FCC CONSTRUCCIÓN, S.A.	66,52

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS (COPASA)**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.471,58 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.